

Programa de compostaxe caseira



A solución a materia orgánica

A SOLUCIÓN PARA OS RESIDUOS ORGÁNICOS DO FOGAR COMPOSTAXE CASEIRA

Desde hai tres anos, ADEGA ven desenvolvendo experiencias de compostaxe caseira en varios concellos galegos. O seu obxectivo e finalidade é a xestión dos residuos orgánicos domiciliarios sen necesidade de recollida nen transporte. Ao tempo, facilítase a súa conversión en fertilizante orgánico para a horta ou o xardín. A educación ambiental comuntaria é o elemento básico destes programas.

IMITANDO OS CICLOS NATURALS

Na natureza non existen os residuos, todo o que esta produce ten unha función ou finalidade, nada sobra, todo ten o seu lugar no continuo “re-ciclar” da natureza. A observación detallada do medio, xunto coa adaptación ao contorno e a evolución durante longos periodos, deu lugar en moitas comunidades labregas a un sistema de tratamento dos residuos eficiente que aproveitaba ao máximo os recursos dispoñíbeis.

En Galiza ademais do esterco animal, resultado da mixtura de toxo, palla, etc con excrementos, os labregos empregaban outro abono que obtiñan co método da esterqueira. Tamén coñecida como lixeira ou “arghueira”, (denominación derivada probablemente da palabra argazo, alga que se engadía como adubo a terra), era o resultado da acumulación dos restos da horta e do xardín xunto con outros restos orgánicos da cociña que non comían os animais da casa.

Estes residuos descompostos daban unha enmenda que se devolvía á terra de cultivo, imitando e favorecendo a re-ciclaxe da natureza. Esta práctica tradicional é algo que está presente todavía hoxe en moitos fogares galegos e que está a ser abandonada como outros tantos saberes rurais, relegados por unhas prácticas chegadas do mundo urbano moderno, tan asépticas como ineficientes, antiecolóxicas e despilfarradoras dos recursos da comunidade.

Cando o camiño que está a seguir a xestión do lixo na UE é o dos tres erres e a compostaxe, en Galiza compre por límite a xeración de residuos na orixe.

A produción de compost a nivel domestico ou comunitario é a solución máis ecolóxica, razoábel e económica para os residuos orgánicos do fogar, combinada no seu caso coa alimentación animal. Máis de 300.000 familias galegas de zonas rurais e dalgunhas zonas urbanas poden solucionar o problema da parte maior do lixo mediante a compostaxe caseira: cos restos das podas e do xardín, os restos de comidas ou de vexetais elabórase compost, que a súa vez é un excelente fertilizante orgánico para os



O PROGRAMA DE COMPOSTAXE CASEIRA

Hai xa uns anos que Adegas propuxo a diversos concellos galegos a posibilidade de desenvolver unha experiencia baseada na xestión e a educación ambiental comunitaria para o tratamento dos residuos orgánicos domésticos. O concello de Ferrol respostou positivamente na primavera de 2002, realizándose unha primeira experiencia piloto, que despois se ampliou a Santiago de Compostela e a outros concellos galegos.

O proxecto fórmase como unha experiencia piloto de produción de compost en zonas rurais e/ou periurbanas mediante cesión temporal indefinida e instalación de composteiros en vivendas unifamiliares e de maneira experimental en outras entidades como centros de ensino, etc. Preténdese mellorar esta práctica –a esterqueira- aínda existente, consolidala como unha alternativa ecolóxica e de futuro, e gañar experiencia para extendela a áreas máis grandes así como avaliar o deseño do proxecto educativo.



DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

O programa basease nun sistema tecnolóxico e educativo de baixo custo, que pretende retomar solucións propias da cultura popular galega, ao tempo que se presenta como exportábel a calquera outra sociedade. Conta por tanto con dous vectores parellos, o tecnolóxico e o educativo. O **proxecto tecnolóxico** consiste na instalación dun aparello, o composteiro, como novidade fronte a esterqueira tradicional, o que permite protexer a masa de residuos dos axentes externos non desexados, e acelerar a súa descomposición. Outro elemento do proxecto tecnolóxico é o dominio en profundidade do proceso de compostaxe por parte das persoas encargadas da súa aplicación.

O proxecto educativo consiste na explicación asequíbel aos usuarios tanto do proceso de compostaxe como da xestión dos residuos en xeral, e dos aspectos ecolóxicos e ambientais relacionados. Para isto, faise un seguemento dos composteiros, programándose visitas nunha fase inicial intensiva que se prolonga durante un semestre. Esta fase intensiva remata cunha avaliación tanto do resultado do tratamento (parte técnica) como do propio proceso educativo, pensando ademais en favorecer futuras

A avaliación técnica inclúe a inspección visual para determinar aspectos como a estrutura e o tipo de residuos achegados ao composteiro, a determinación de humidade e temperatura e, nun número reducido de casos, a análise de metais pesados. Os resultados deben retroalimentar a acción educativa, razón pola cal se dá prioridade á inspección *in situ*, o que permite tomar decisións no mesmo momento. As outras determinacións (metais pesados, etc) permiten avaliar outros aspectos e resolver as posibles dúbidas sobre o balanço ambiental desta alternativa, realizándose en colaboración coa Universidade da Coruña (UDC).

A avaliación educativa ten por obxectivo avaliar a capacidade dos participantes para responsabilizarse da autoxestión dos residuos orgánicos (participación no programa), así como identificar e analizar as variábeis sociais, educativas e culturais que favorecen ou atrancan o desenvolvemento da estratexia educativa e do conxunto do programa. A avaliación final resúmese nunha enquisa sobre os aspectos sociais e comunicativos da campaña. Esta última tarefa levouse a cabo coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O papel da educación ambiental na xestión do medio debe ter como fin último modificar a xestión, facéndoa participativa e converténdoa nun proceso de aprendizaxe permanente. A integración destas dúas cuestións nos programas de compostaxe caseira reforza este obxectivo. Por outra banda, estamos diante dun proxecto de educación ambiental comunitaria, xa que a súa aplicación pretende dar solución a un problema ambiental local, ao nivel do concello, barrio ou aldea, facendo uso dos recursos da comunidade, recuperando o seu saber ambiental e promovendo a súa autonomía.



ALCANCE E RESULTADOS

Desde xullo de 2002, ADEGA ven desenvolvendo 13 programas de compostaxe caseira que, suman un total de 725 vivendas (ver cadro). As experiencias son consideradas “piloto” en todos os Concellos menos no de Santiago de Compostela e no de Mos, onde xa teñen un alcance importante. Nos últimos anos a compostaxe caseira vaise posicionando como unha alternativa importante nalgúns concellos galegos.

A avaliación continua do proceso mostrou nunha ampla maioría dos participantes un claro interese pola compostaxe doméstica e a súa disposición a levala a práctica, ademais dunha clara sensibilidade de cara a problemática dos residuos. A avaliación final permitiu comprobar a percepción dos principais aspectos da campaña por parte dos seus destinatarios, e determinar en que grado estas persoas poden considerarse formadas para continuar por si mesmas e sen tutela continuada a realización do tratamento dos seus residuos orgánicos. Con todo, recoméndase un servizo de asesoramento para resolver as dúbidas que poidan surxir e unha inspección anual.

PROGRAMAS DE COMPOSTAXE CASEIRA XESTIONADOS POR ADEGA

Concello	Tipo de asentamento	Nº de composteiros	Data de realización
Ferrol	Parroquias rurais	10	2º semestre 2002
Santiago de Compostela	Zonas ruais e periurbanas	150 (1º Programa) 150 (2º Programa) 75 (3º Programa) 50 (4º Programa)	Maio 2003 1º semestre 2004 Abril 2006 Abril 2007
Serra de Outes	Zona rural	15	Maio-novembro 2004
Mugardos	Zona rural	15	2º semestre 2004
Ames	Urbanización de adosados	30 50	2º semestre 2004 Xullo 2006
Arzua	Zonas ruais e periurbanas	15	1º semestre 2005
Mos	Zonas ruais e periurbanas	45	2º semestre 2005
	Urbanización	45	Outubro 2006
	Zonas rurais e periurbanas	75	Marzo 2007
Total		725 vivendas	


EXPERIENCIA: COMPOSTAXE NUNHA RESIDENCIA UNIVERSITARIA DE LUGO

Un dos obxectivos de ADEGA é o de fomentar a compostaxe descentralizada en pequenos nucleos nos que se poida dar unha participación colectiva. A experiencia de Adegas foi presentada nunha residencia Universitaria de Lugo, onde foi acollida e adaptada á súa realidade. Instalouse un composteiro de 1.000 litros na carballeira próxima á residencia, facéndose unha xestión comunitaria dos residuos orgánicos. A “bolseira verde” da residencia, Isabel Pensado coordinou os traballos.



Composteiro comunitario instalado na Residencia Universitaria Bal e Gay.





Determinacións analíticas realizadas en mostras procedentes de 15 composteiros do 1º programa de Santiago de Compostela indicaron que o contido en metais pesados está por debaixo dos límites exixidos pola Unión Europea para emendas orgánicas destinadas á agricultura ecolóxica. Tamén cumpriría a calidade máis exixente da futura directiva de residuos orgánicos e compostaxe (Clase 1, no segundo borrador da directiva).



A D E G A

ADEGA

Travesa de Basquiños Nº 9

15.703

Santiago de Compostela

Telf/Fax: 981 57 00 99

www.adega.info